

**Novoneyra perante a obra de Laxeiro,  
écfrase dun substrato**

**Arturo Casas**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CASAS, ARTURO (2011 [2004]). “Novoneyra perante a obra de Laxeiro, écfrase dun substrato”. *Amastra-n-gallar*: 7, 43-45. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/17>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

CASAS, ARTURO (2004). “Novoneyra perante a obra de Laxeiro, écfrase dun substrato”. *Amastra-n-gallar*: 7, 43-45.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## NOVONEYRA PERANTE A OBRA DE LAXEIRO, ÉCFRASE DUN SUBSTRATO

Arturo Casas

Na poética de Uxío Novoneyra cada texto é decantación dunha expresividade íntima e existencial, doadora dos ecos dunha vivencia estética que moi a miúdo provén da contemplación da natureza e tamén da observación sobre os xeitos nos que a cultura interveu sobre o espazo natural de referencia. De maneira en principio paradoxal, este proceso adoita manifestarse como chamada á experiencia común da colectividade, procura na que a voz do cantor tenta acoplarse ao ritmo e aos contidos do que foi dito, na fala patrimonial (“o infinito da Lingua”), polos antecesores que nel ecoan. Ábrese o texto así a aquel sentido totalizador propio da lírica e da metafísica primitivas, quebrando a inicial clausura temática do poema. Hai unha ametencia pola que somos levados a comprender a vida na súa relación coa terra e a lentitude histórica. As descrições e os leves procesos incorporados emprazan aos lectores, en consecuencia, fronte a unha clase de verdade que conviremos en cualificar de *alegórico-antropolóxica*. Acae a referencia ao orfismo.

O proceso de Laxeiro como pintor establece máis dun contacto ou tanxencia co que se acaba de indicar. Sen embargo, as coordenadas estéticas da súa obra son outras, veñen de radicacións distintas, maniféstanse nunha linguaxe, nun ritmo e nun ton non tan doados de equiparar cos que identifican a dicción e a *actio* propias de Novoneyra. Permítaseme recuperar un apuntamento lido no imprescindible libro de conversas *Dos soños teimosos* (1998). Lembrando a casa natal en Parada e a infancia, o [44] poeta confesaba a Emilio Araújo isto: “Recordo o entroido. Pero debíame producir *certa cousa*, sempre tiven rexeite contra as máscaras” (p. 34). Cecais por isto mesmo, por este afastarse do *modus* expresionista e teatral, a homenaxe que implica o poema “O Laxeiro pintor dunha Galicia” (1971), incorporado logo a *Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas* e nunha versión posterior retitulado “Galicia teima vida / Poema mundo Laxeiro”, orixina unha dinámica textual tan estraña, tan sorprendente.

No fondal desa rareza localizo a singular activación dun dialoxismo interartístico e interdiscursivo que transcende os mecanismos dunha écfrase tradicional. Nesta, o texto literario intervén como suplemento ou acaso comentario dunha obra pictórica ou en xeral plástica, dunha obra polo xeral individualizada e concreta á que o texto-comentario queda vinculado como efecto referencial. Na nosa tradición literaria son coñecidos os exemplos de Cunqueiro (algúns poemas de *Herba aquí ou acolá* e outros anteriores), González Garcés (a totalidade de *Un nome só na néboa*) ou do propio Novoneyra (“Ánxel Fole según Maside”, de *Os eidos 2. Libro de olladas*), entre outros. Acaso sexa excesivo plantexalo así, pero podería afirmarse que na écfrase tradicional —aínda na de xorne paródico— transloce unha ancilariedade discursiva orixinadora dunha serie de predeterminacións retóricas

e semióticas que afectan ante todo á disposición do texto e á selección nominativa asociada ao mundo postulado e, *a posteriori*, reformulado.

No poema de Uxío Novoneyra hai algo diso, certo. Déixase ver nos procedementos acumulativos, tanto nominais como verbais, dionisiaco callón reductor do ámbito e do silencio, case ao modo do balbordo rabelaisiano. Chaman a atención do coñecedor da súa obra as repeticións de formas verbais, que unhas veces optan pola vía asindética e outras fanse polisindéticas (“*sudar comer e beber limparse coa mao [.../...] a rubir e baixar e virar i escaleirar repetos [.../...] cinir embelecar e cair erguerse e ir / e volverse estapinar teimar e / teimar [.../...] traballar traballar traballar traballar hastra cegar i enxordar*“). Todo isto semella trasunto relativamente fiel de escenografías coñecidas de Laxeiro, talvez non de ningunha pintura en concreto, [45] pero si dunha fórmula compositiva e rítmica que comparece nas varias *Cencerradas*, en *Trasmundo*, en *Entroido*, en *Banquete de nenos*, mesmo en *A vida, O mundo...* Remite a un “olor a gleba”, á “Historia nos corpos”, á “vitalidade de touza”, a un “non parar de cinir” configuradores do que Novoneyra declarou como *imaxe fixada* na súa conciencia tras a experiencia estética do acceso ao mundo-Galiza fabulado por Laxeiro (*Homenaxe a Laxeiro de escritores e artistas de Galicia*, 1991, p. 78). En *Dos soños teimosos* volveu a isto para declarar que o fervedoiro do seu poema respondía ao designio de “dar a pura impresión do ritmo vital de Galicia” (p. 99).

Por tanto, asistimos a un procedemento que non é de mera transtextualidade, porque en realidade vai alén da relación entre textos, alén da cita subsidiaria, de maneira tal que ningún dos eixes vertebradores da poética de Novoneyra presentados ao inicio deste breve comento noso fica dislocado. Sitúase o método ecfrástico neste caso no espacio dun substrato intanxíbel e omnipresente, onde enraíza a visión do mundo que caracteriza antropoloxicamente ao rural, que o caracteriza a partir dunhas vivencias e dunhas expectativas históricas; vistas, razonadas e sentidas polo poeta e polo pintor de xeitos irreductíbeis entre si, inconmensurábeis unhas para as outras en termos epistemolóxicos ou estéticos, e, malia todo, converxentes nunha sentenza que só deixa aló un punto de fuga entre resignado e esperanzado:

seica somos pra esto e señámolo pois  
mais sin tender pontes en demasía longas

Convocan Laxeiro e Novoneyra o mesmo substrato, a mesma esmorga sabia e igualitaria que sucede ao deber calculado e orgánico da tribo, unha avinza panteísta de corpos, unha liga da existencia toda (“*nós a vaca i a ovella a xesta o toxal i o ucedo / carballo e castiñeiro millo e trigo / e todíñalas herbas bichiños e peixes fregándose as vidas*“), unha enerxía en espera, campesiña, labradora, tan local que garante o universal:

sin ningúa certeza e con seguranz  
agardar outro século sécula-seculorum repetindo  
[os puntos da muiñeira hastra fundirnos.